

4º ESO. EDUCACIÓN PLÁSTICA.

EXTRACTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

DEPARTAMENTO DE DEBUXO. CURSO 2022-2023.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1.1.- INTRODUCCIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL NA EDUCACIÓN SECUNDARIA E OBRIGATORIA.

1.2.- CONTEXTUALIZACIÓN

2. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

2º CICLO DA EDUCACIÓN VISUAL NA ENSINANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA

4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

5. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

8. AVALIACIÓN.

8.1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

SÍNTESE DOS PROCEDIMENTOS PARA A AVALIACIÓN EN PLÁSTICA DE 4º DA ESO.

8.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

10. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

14. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PROXECTO LECTOR.

15. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN TIC.

16. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN DE CONVIVENCIA.

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1.1.- INTRODUCCIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL NA EDUCACIÓN SECUNDARIA E OBRIGATORIA.

A orientación nesta etapa, en liñas xerais, trata de aportar ao alumnado os coñecementos básicos da linguaxe visual e plástica necesarios para o desenvolvemento da súa capacidade expresiva e da súa formación estética, ademais de colaborar co espertar da súa sensibilidade e facerlles capaces de assimilar o contorno visual no que viven, cunha actitude reflexiva e crítica.

Tendo en conta que as relacións das persoas co seu contorno son de dobre dirección: de recepción e de emisión das mensaxes, é dicir, das experiencias proporcionadas polo contorno e das accións exercidas nel, os contidos nesta área despréganse en dúas liñas diferentes: a de *saber mirar* e a de *saber facer*.

O **saber mirar** pode producirse en dous niveis distintos: o da percepción visual e o da comprensión conceptual.

a. A percepción visual representa a primeira aproximación da obra plástica tal e como é percibida pola visión natural. Nesta primeira percepción interveñen xa procesos de análise, como proporcións, texturas e cores.

b. A comprensión conceptual implica unha organización sistemática das primeiras análises e observacións máis rigorosas das obras plásticas, comparando unhas coas outras, analizando as características que organizan os seus elementos, o estilo no que se encadran e a súa propia calidade artística.

O **saber facer** articúlase tamén en dous niveis de actividade: o da representación e o da instrumentación.

a. A representación esténdese dende a máis obxectiva ata a expresión máis libre. A elección dun ou doutro tipo será racionalmente levada a cabo para abrir ao alumnado ao seu campo de actuación e comprensión.

b. A instrumentación refírese ao dominio dos materiais e técnicas precisos para as realizacións plásticas. Elixindo técnicas sinxelas e prácticas que permitan o desenvolvemento das destrezas pertinentes e cubrir as posibilidades de expresión e comunicación.

O ensino da Educación Visual na etapa da Secundaria Obrigatoria terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Observar, percibir e interpretar as imaxes do seu contorno máis próximo, así como outras que se atopen máis lonxe del, sendo sensible ás súas calidades plásticas e estéticas.
- Expresarse con actitude creativa, utilizando a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica.
- Observar e analizar as relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes, seleccionando no posible o medio de expresión que mellor se adapte á mensaxe que se quere transmitir.
- Planificar, individual e en equipo, as fases do proceso de creación e realización dun proxecto.
- Participar en actividades de grupo adoptando actitudes de flexibilidade, solidariedade, interese e tolerancia e descartar as discriminacións debidas a características persoais e sociais.
- Apreciar o feito artístico como fonte de gozo estético e como parte interesante dun patrimonio cultural, contribuíndo activamente ao seu respecto e conservación, con especial incidencia nas obras artísticas.
- Respetar e apreciar os outros xeitos de expresión visual e plástica distintos do propio e dos que son determinantes do contorno, superando os estereotipos e

convencionalismos.

- Valorar a importancia da linguaxe visual e plástica como medio de expresión de vivencias, sentimentos e ideas.
- Apreciar as posibilidades expresivas que ofrece a investigación con técnicas plásticas e visuais.

No 2º ciclo esta área, nestas idades concretas, ten que ver coas experiencias de natureza visual e táctil. É o mundo que compoñen os obxectos da arquitectura, o deseño gráfico e industrial e as múltiples imaxes visuais transmitidas polos distintos medios (o cine, o vídeo, a fotografía,...). Este múltiple universo cotián de formas e imaxes, tan envolvente, representa unha poderosa motivación para o alumnado e, a partir del, é posible e conveniente desenvolver o ensino.

Incluíronse nesta área os aspectos que contribúen ao desenvolvemento do alumnado como son: habilidades prácticas, actitudes e valores.

A unidade e o sentido desta etapa da ESO correspóndese co momento evolutivo do alumnado entre os catorce e dezaseis anos. Son anos que coinciden coa adolescencia, e nos que experimentan importantes cambios fisiolóxicos e psicolóxicos, xa iniciados na etapa previa.

Por iso aportaranse os elementos educativos de orde: cognitivo, afectivo, social e moral, que lles permita desenvolverse de xeito equilibrado e incorporarse á sociedade con autonomía e responsabilidade.

Os intereses, motivacións e aptitudes diferéncianse progresivamente ao longo dos dous cursos, 3º e 4º, e é nesta etapa onde interveñen os aspectos propedéuticos e orientadores.

É un criterio importante para a educación do alumnado, o considerar a súa natureza evolutiva, que aconsella graduar os contidos adaptándoos ó nivel de comprensión do alumnado en cada ciclo, establecendo unha distancia óptima entre o que son capaces de facer nun momento dado e os novos contidos e capacidades que se lles intenta ensinar.

O alumnado, nesta etapa de crecemento, vai adquirir as claves ou estruturas fundamentais que lle posibilitan a transformación do seu pensamento nun período que xa podemos cualificar de case de adulto. É a etapa que Piaget nomea das operacións formais.

O alumnado adquire experiencia, a súa elaboración da realidade fase máis precisa e extensa. Comproba as hipóteses na súa mente e descarta as impropias, sen necesidade de manipular os materiais.

O cadro de traballo da área de Educación Plástica e Visual na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria atende especificamente ás seguintes finalidades:

- Contribuír a que o alumnado saiba recoñecer no seu medio as manifestacións visuais e plásticas, tanto as que proporciona a natureza como as que proveñen da actividade e creación humanas.
- Favorecer o desenvolvemento das capacidades de comprensión, análise, crítica e categoría das imaxes percibidas.
- O alumnado oríentase a un estudio dos feitos plásticos de calquera natureza: arquitectura, escultura, pintura, deseño industrial,... e das imaxes visuais transmitidas polos distintos medios: prensa, fotografía, cine, televisión,...
- Contribuír ao ensino da sensibilidade artística que capacite para o gusto artístico e non soamente para o entendemento conceptual.
- Posibilitar o dominio de técnicas e procedementos que capaciten ao alumnado a expresarse coa calidade estética que corresponda.

1.2.- CONTEXTUALIZACIÓN

O Concello de Cambre está dentro da área de influencia metropolitana da Coruña; conta cunha extensión de 41 Km² organizadas en doce parroquias. É un dos oito municipios galegos que non deixa de ver medrar a súa poboación, que é en este momento de 24.191 habitantes agrupados nas doce parroquias repartidas en máis de cento vinte núcleos de poboación chamados aldeas ou lugares. Coa excepción das parroquias de O Temple e Cambre, que constitúen zonas urbanas, as restantes teñen un marcado carácter rural.

A actividade ocupacional ata os anos 70 era a agricultura, desde entón prodúcese un crecemento do sector servizos acompañado por outro máis moderado das actividades industriais. Hoxe en día o sector máis importante é o terciario (48,61%), seguido do secundario (43,42) e o primario (8,97%) centrado no minifundismo.

O desenvolvemento do sector industrial é discreto, vese impulsado pola creación do Polígono industrial do Espírito Santo e o Parque empresarial de Alvedro, na que predomina o comercio ao por maior e os depósitos de grandes fábricas, máis que a pura produción. O sector servizos, o de maiores expectativas, desenvolve actividades como o turismo, o comercio e a hoteleira que empregan a case o 50% da poboación. Séguelle en importancia o transporte, a educación e a saúde. Un dos servizos máis importantes é o do automóbil, a alimentación é unha actividade fortemente representada.

Características socioeconómicas e culturais do contexto:

Trátase dun alumnado que ven dun ambiente suburbano e rural, onde existen familias nas que polo menos dous dos seus constituíntes teñen un traballo fixo, outras con traballo temporais pouco cualificados, e nalgúns casos, familias con graves problemas económicos na que ningún dos dous proxenitores están a traballar, ou non estruturadas, onde o alumnado queda a cargo dos avós, ou familias en réxime de acollida.

No que respecta ao **Concello**, existen:

Dúas Escolas de Música: “Sementeira” de titularidade privada e subvencionada polo Concello, que oferta frauta, piano, guitarra, gaita, percusión, saxofón, clarinete, trompeta, tromba, trombón, bombardino, tuba, no que se poden apuntar as rapazas e rapaces desde os 8 anos; e a Escola de Música e baile “As Mariñas” que imparte baile, gaita e canto. No Ensino dispoñemos dunha Escola Infantil Municipal e varias de titularidade privada, catro CEIP adscritos aos dous IES da zona, O Afonso X O Sabio situado na Barcala e o noso.

Múltiples instalacións deportivas: catro pavillóns polideportivos, catro campos de fútbol, tres piscinas municipais, doce pistas polideportivas repartidas nas distintas parroquias. E outras instalacións como dous locais de usos múltiples en A Barcala e en Cecebre.

Unha Axencia de desenvolvemento local cunha variedade de programas para fomento do emprego en marcha (Xerme, Pértega e Terra das Mariñas), constitúe unha entidade colaboradora do Servizo Galego de Colocación da Xunta, homologada para a difusión de cursos do plan FIP e cursos do Fondo Social Europeo.

Os Servizos Sociais de atención primaria constan de unha coordinadora, unha traballadora social, unha educadora social, catro traballadoras familiares, unha monitora para a 3ª idade, unha preparadora laboral, e desenvolven os seguintes programas: voluntariado, información, orientación e asesoramento, programa de familias, inserción social.

O OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil) se pon en marcha como centro dinamizador de iniciativas xuvenís que desenvolve programas entre outros como: sendeirismo, rutas aventureiras, cursos, asesoramento de asociacións xuvenís, etc.

Marco do contexto legislativo para esta Programación:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación primaria a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Real Decreto 665/2015, de 17 de xullo, polo que se desenrolan determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na Educación Secundaria Obrigatoria, no Bacharelato, na Formación Profesional e nas ensinanzas de réxime especial, a formación permanente do profesorado e ás especialidades dos corpos docentes no Ensino Secundario.

- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei orgánica 372020 de 29 de decembro LOMLOE
- ORDE de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

2. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

Porcentaxes de ponderación das diferentes competencias.

	4º ESO
CD	10%
CSC	5%
CCEC	30%
CSIEE	5%
CAA	5%
CMCCT	35%
CCL	10%

CD: Competencia dixital. CSC: Competencias sociais e cívicas. CCEC: Conciencia e expresións culturais. CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. CAA: Competencia de aprender a aprender. CMCCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. CCL: Competencia en comunicación lingüística.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE 4º DA ESO NO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Competencia en comunicación lingüística (10%): o/a alumno/a de 4º ve enriquecida a súa capacidade comunicativa porque posúe e coñece os procedementos

comúns que permiten facer uso duns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións integrando a linguaxe plástica e visual con outras imaxes. O alumnado fai unha reflexión sobre os obxectivos perseguidos, as fontes nas que se baseaba, os procedementos empregados na súa consecución, así como expresar as imaxes do seu contorno cotián ou das manifestacións das obras artísticas, e construír aos rexistros lingüísticos que as comunican, cuestións de carácter expresivo e psicolóxico ou afectivo e emocional. A linguaxe de carácter crítico, dende o punto de vista construtivo, adquire un gran valor porque acadan un nivel de afondamento nos obxectivos finais indicados. O noso alumnado establece as súas reflexións de todos os campos vinculados á materia: arquitectura, escultura, pintura, vídeo, televisión, deseño e cine.

A competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (35%) queda manifesta no coñecemento dos aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación obxectiva das formas que se adquire co uso da plana e descritiva nas que interveñen de maneira permanente as relacións matemáticas no uso das escalas, a proporcionalidade, representación de punto, liña e plano entre outros, etc .

O alumnado integrará co fenómeno físico da cor este concepto, para ser tamén valorado non só dende o punto de vista da súa expresividade e importancia na comunicación visual , tamén dende esta outra natureza: a cor como fenómeno físico e visual. Cor-luz e cor-materia. Calidades da cor: ton, valor e saturación. Tamén a percepción visual. Recoñecer as formas xeométricas na natureza e nas artes visuais. Introdúcense valores de sustentabilidade e reciclaxe en canto as boas prácticas na utilización dos materiais para a creación de obras.

Tratamento da competencia dixital (10%): o alumnado valorará s contidos relativos ao contorno audiovisual e multimedia, coma produtor, xerador e difusor de imaxes. O uso dos recursos tecnolóxicos específicos non só supón un recurso válido para a produción de creacións visuais, senón que tamén colabora na adquisición da competencia dixital e recoñecerá a linguaxe desta procedencia vinculado ao linguaxe gráfico, ao facer uso del para a indagación documental e saberá desenvolver con coñecemento a linguaxe gráfica co fin de que o seu uso resulte claro e directo. Recoñecer a enorme utilidade que ofrece para o desenvolvemento de mensaxes visuais e gráficos.

A competencia social e cidadá (5%): implica, dende a materia, a aportación de carácter social que pode favorecer bos hábitos de conduta, ou a modificacións de condutas incorrectas que desvirtúan as relacións cidadás. Como se pode utilizar a linguaxe gráfica nos ámbitos publicitarios, nas campañas institucionais, na sociedade de consumo, naquelas que tratan de mellorar as nosas condutas... Recoñecemento e valoración do papel que xogan os medios de comunicación na nosa cultura actual. Facer a valoración que teñen as linguaxes visuais para aumentar as posibilidades de comunicación. Dentro dos parámetros do traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e contribuírse á adquisición das habilidades sociais. Favorece esta competencia de maneira que propicia as actitudes abertas e

comprensivas, dentro das diferentes manifestacións e dun sentimento de cidadanía global compatible coa identidade propia.

Competencia da conciencia e expresións culturais (30%): favorecer a confianza de cara a outras formas de comunicación vinculadas a outras culturas. Favorécese a observacións e análise na obra da arte, no mundo do deseño dende os seus diferentes ámbitos, gráfico e industrial, así como nos traballos propios e nos dos demais. Valorar, respectar e desfrutar co noso patrimonio cultural e artístico. En definitiva, apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas do propio patrimonio cultural e alleo.

Competencia para aprender a aprender (5%): aprende a mirar, a ver, a observar e a percibir. Consiste en apreciar os valores estéticos, o que contribúe a unha actitude, unha predisposición favorable a establecer relacións entre o que son as propias capacidades, e tratar de extraer o mellor delas, sen adoptar condutas que podan bloquear ou acadar unha resposta de rexeitamento polas posibles limitacións nas propias habilidades. Facilitase unha actitude de confianza e autoestima que favorezan tamén o traballo en equipo para acadar un proxecto de carácter común. O alumnado coída as súas presentacións. Esta competencia maniféstase cando se experimenta e investiga coas distintas técnicas plásticas e visuais para expresarse a través da imaxe. En definitiva, aprender dos propios erros para acadar unha actitude de mellora.

En canto á **competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (5%)**, o alumnado de 4º desenvolve estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados, situación na que se lle obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Xunto ao espírito creativo, a experimentación, a investigación e autocrítica fomentan a iniciativa e autonomía persoal.

Ao final de curso pódese realizar unha proba global de toda a materia 4º, vinculada a ditas competencias que se mencionan, para poder facer valoración de todos eses aspectos relacionados. O enfoque pode ser global dende todos os ámbitos das competencias e adaptado ao seu nivel, e dende o punto de vista do desenvolvemento individual.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

2º CICLO DA EDUCACIÓN VISUAL NA ENSINANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA

OBXECTIVOS:

- Inducir no alumnado as capacidades necesarias para recoñecer no seu medio tódalas manifestacións visuais e plásticas, xa sexan as proporcionadas pola natureza como as creacións e actividades humanas.
- Asimilar o medio visual e plástico no que viven, cunha actitude reflexiva e crítica.
- Desenvolver a comprensión, análise, clasificación e crítica das imaxes percibidas.
- Integrar as diferentes linguaxes elixindo a fórmula expresiva máis adecuada en función das necesidades de comunicación.
- Desenvolver a capacidade de observación e percepcións como as propias de actividade representativa: sensibilidade, memoria visual, imaxinación e fantasía.
- Extraer solucións desde as diferentes culturas ó longo da historia da arte, do deseño e da comunicación, subliñando as manifestacións propias da cultura galega.
- Estimular a expresión creativa cara ó estudio dos feitos plásticos de calquera natureza: arquitectura, escultura, pintura, debuxo, deseño industrial, etc. ... e das imaxes transmitidas polos distintos medios: prensa, cine, fotografía, televisión, etc.
- Posibilitar o dominio de técnicas e procedementos que capaciten ó alumnado para expresarse coa calidade, precisión e pulcritude que lle corresponda.
- Respetar e apreciar outros modos de expresión visual e plásticos empregando axeitadamente a terminoloxía específica.
- Recoñecer as formas xeométricas básicas na natureza e nas artes visuais.
- Coñecer os trazados xeométricos elementais e os referentes ás tanxencias e enlaces.
- Recoñecer na natureza e na arte as cores fundamentais e as complementarias.
- Inicialse no coñecemento dos sistemas de representación: cónico, frontal, cónico oblicuo, axonométrico, isométrico, perspectiva cabaleira e o sistema diédrico.
- Analizar a obra pictórica e clasificala segundo criterios formais.
- Coñecer as principais manifestacións artísticas da nosa Comunidade e do Estado.
- Analizar os elementos gráficos do debuxo expresivo e a súa sintaxe.
- Coñecer a finalidade da normalización e as principais normas aplicadas ó deseño.
- Coñecer a linguaxe fotográfica e cinematográfica.
- Elaborar os traballos nos distintos campos do deseño gráfico.

- Valorar a importancia da linguaxe visual e plástica como medio de expresión.
- Valorar positivamente a precisión, a exactitude e a limpeza na elaboración dos traballos.
- Valorar, respectar e desfrutar do patrimonio cultural e artístico da propia Comunidade e do Estado español.
- Observar e interpretar as imaxes e as formas do contorno máis próximo, así como outras que se atopen afastadas del, sendo sensible as súas calidades plásticas e estéticas.
- Apreciar o feito artístico como fonte de gozo estético e como parte interesante dun patrimonio cultural, contribuíndo activamente a un respecto e conservación, con especial incidencia nas obras artísticas.
- Expresarse con actitude creativa utilizando a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica.
- Observar e analizar as relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes, seleccionando no posible o medio de expresión que mellor se adapte á mensaxe que se quere transmitir.
- Respectar e apreciar os outros modos de expresión visual e plástica distintos do propio e dos modos determinantes do contorno, superando estereotipos e convencionalismos.
- Participar en actividades de grupo adoptando actitudes de flexibilidade, solidariedade, interese e tolerancia, rexeitando discriminacións.
- Valorar a importancia da linguaxe visual e plástica como medio de expresión de vivencias, sentimentos e ideas.
- Apreciar as posibilidades expresivas que ofrece a investigación con diversas técnicas plásticas e visuais.
- Planificar, de forma individual e cooperativa, as fases do proceso de creación e realización dunha obra ou proxecto.

4º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Expresión plástica				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Leis da composición. ▪ B1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza. ▪ B1.4. Cor como ferramenta simbólica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ g ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais. ▪ B1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias. ▪ B1.7. Iniciativa, creatividade e propia esixencia no proceso de produción propio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da propia avaliación continua do proceso de realización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE

4º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ e ▪ g ▪ n 	avaliación colectiva). <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa. 	riqueza na creación artística.	fases, e aplicao á produción de proxectos persoais e de grupo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ f ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes. ▪ B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
Bloque 2. Debuxo técnico				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g ▪ n ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo. ▪ B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia. ▪ B2.3. Tanxencias e enlaces. ▪ B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplicao á creación de deseños persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT

4º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2. 5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas. ▪ B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico. ▪ B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. ▪ B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. ▪ B2.9. Perspectiva cónica central. ▪ B2.10. Perspectiva cónica oblicua. ▪ B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ i ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
Bloque 3. Fundamentos do Deseño				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC

4º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ f ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3. 2. Fases do proceso de deseño. ▪ B3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos. ▪ B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico. 	plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ e ▪ g ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Campos de aplicación do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos. ▪ B3.7. Componentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc. ▪ B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño. ▪ B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño. ▪ B3.10. Planificación dun proxecto artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC

4º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC
Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia				
<ul style="list-style-type: none"> a h n ñ 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía. B4.2. Realización dun storyboard. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> e l n o 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine. B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías. B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC
<ul style="list-style-type: none"> a e 	<ul style="list-style-type: none"> B4.6. Creación dixital de imaxes. B4.7. Deseño dun proxecto publicitario. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE

4º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal. 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ f ▪ h ▪ n ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC

4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A PROMOCIÓN DO 4º CURSO DA ESO.

BLOQUE I: A ARTE E A TÉCNICA DE PERCIBIR A IMAXE.

U.D. 1: A Linguaxe da imaxe.

- Diferenciar as distintas manifestacións do linguaxe da imaxe.
- Coñecer os elementos que interveñen na comunicación.
- Lectura básica dun contido visual. Imaxe publicitaria.
- Valor icónico dunha imaxe.

U.D. 2: O signo na comunicación visual.

- Aplicacións das nocións de normalización rotulación normalizada.
- Os valores expresivos e posibilidade do punto, a recta e a textura na creación de contidos.

U.D. 3: Uso e expresividade da cor.

- Diferenciar entre cor luz e cor materia.
- Mestura aditiva e sustractiva.
- Cores complementarias. Ton, matiz e valoración cromática.
- Connotacións psicolóxicas.

BLOQUE II: A XEOMETRÍA COMO SOPORTE DO PROCESO CREATIVO.

U.D. 4: Análise de formas xeométricas. Tanxencias e enlaces.

- Definicións. Aplicacións dos casos. Uso de escalas neles.
- Consecución coas aplicacións no Deseño gráfico.

- Definición e propiedades.
- División gráfica nos diferentes casos.
- Utilizar os elementos da xeometría como recurso de expresividade nas composicións persoais.

U.D. 5: Movements no plano. Composicións modulares.

- Comprensión do fundamento para crear ditas estruturas e configuración de aplicacións orixinais.
- Coñecer o contido estético que aportan as composicións modulares.

U.D. 6: A proporción.

- Problemas gráficos sobre proporcionalidade.
- Utilización de escalas.
- División áurea.

U.D. 7: A composición.

- Realización do encaixado.
- Aplicación da proporción e escala nunha composición do natural.
- Recursos de texturas e cor.
- Capacidade reflexiva ante o feito artístico.

BLOQUE III: ESPAZO E VOLUME.

U.D. 8: A luz e a percepción do volume.

- Representación da luz nun contido descritivo. Chiaroscuro.
- Entoación e axuste dunha escala tonal.

U.D. 9: Sistemas de representación. Sistema diédrico.

- Proxeccións de sólidos.
- Extraer a terceira vista, dadas dúas proxeccións diédricas.

U.D. 10: Axonometría.

- Fundamentos do sistema.
- Comprensión das distintas posicións dun punto, dunha recta ou dun plano.
- Representar as tres proxeccións en perspectiva: croquización a man alzada e con recursos instrumentais.

U.D. 11: Perspectiva cónica.

- Coñecer os fundamentos das perspectivas frontal e oblicua e saber identificar os seus elementos na súa representación.

5. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

TEMPORALIDADE DOS CONTIDOS EN 4º DA ESO.

1ª AVALIACIÓN:

BLOQUE I: A ARTE E A TÉCNICA DE PERCIBIR A IMAXE.

U.D. 1: A Linguaxe da imaxe.

U.D. 2: O signo na comunicación visual.

U.D. 3: Uso e expresividade da cor.

BLOQUE II: A XEOMETRÍA COMO SOPORTE DO PROCESO CREATIVO.

U.D. 4: Análise de formas xeométricas. Tanxencias e enlaces.

U.D. 5: Movementos no plano. Composicións modulares.

2ª AVALIACIÓN:

U.D. 6: A proporción.

U.D. 7: A composición.

BLOQUE III: ESPAZO E VOLUME.

U.D. 8: A luz e a percepción do volume.

3ª AVALIACIÓN:

U.D. 9: Sistemas de representación. Sistema diédrico.

U.D. 10: Axonometría.

U.D. 11: Perspectiva cónica.

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

O ensino desta materia é un proceso construtivo no que a actitude do alumnado permite a aprendizaxe significativa. O alumnado convértese no motor do seu propio proceso de aprendizaxe, modificando os seus esquemas de coñecemento. Xunto a el/ela, o profesorado exerce o papel de guía ao por en contacto os coñecementos e as experiencias previas do alumnado cos novos coñecementos.

A concepción constructiva do ensino permite ademais garantir a funcionalidade da aprendizaxe, é dicir, asegurar que o alumnado poderá utilizar o aprendido en circunstancias reais, ben levándoo á práctica, ben utilizándoo como instrumento para lograr as novas aprendizaxes.

Como sinala o Currículo Oficial da Área, o principal obxectivo do ensino da Educación Visual é que o alumnado acade a capacidade de apreciar no seu contorno visual, tanto na natureza como na creación humana, os valores propios das artes visuais e saber expresar os seus sentimentos, ideas e vivencias por medio da linguaxe visual e plástica.

Para cubrir este obxectivo fundamental, optamos por articular os contidos atendendo os seguintes criterios:

- Criterio da dificultade.

Organizando os contidos de modo que se comece polos de carácter máis concreto, por ter carácter básico, preparándose así para entender os máis abstractos, e que esixen unha maior capacidade de comprensión espacial.

- Criterio do interese.

Debe conectar cos intereses e necesidades do alumnado, proporcionándolles de forma clara e atractiva a finalidade e utilidade das aprendizaxes.

- Criterio da organización cíclica.

Os temas máis complexos estudaranse ao longo dos distintos cursos seguindo unha gradación no nivel de dificultade: no curso máis baixos, en 1º, defínese a iniciación nos mesmos e nos últimos cursos desta etapa (3º e 4º) chegarase ao alumnado a unha especialización neles.

- Criterio da operatividade.

Queda proxectado en torno á clásica formulación de "*saber mirar*", "*saber interpretar*" e "*saber facer*" seguindo estes pasos:

Saber mirar:

- a. Pon ao alumnado en contacto coas obras xa realizadas para que observen as peculiaridades que as integran nun determinado campo da expresión plástica.
- b. Preséntase a teoría correspondente a cada un dos campos da expresión visual e plástica e formalízase esa teoría en conceptos de validez permanente.
- c. Aplícanse os coñecementos adquiridos na observación de novas obras que teñen carácter de exemplo.

Saber interpretar:

- a. Levar ao alumnado a recoñecer os caracteres que fan unha obra de claridade estética ou rigor e exactitude no seu trazado.
- b. Conduce a coñecer o diferente valor expresivo daqueles elementos segundo fosen utilizados.
- c. Pon en disposición de valorar unha obra pola análise de cada un dos seus elementos e pola consideración do conxunto.

Saber facer:

- a. Proporciona as técnicas axeitadas para cada forma da linguaxe plástica.
- b. Axuda á selección das técnicas que mellor se acomodan a cada necesidade de expresión, fomentando a investigación e a creatividade.
- c. Conduce ao uso das técnicas con rigor, exactitude e precisión esixibles en cada momento da aprendizaxe.

Advírtese que a pesar do que se establece cun determinado nivel de concreción e especificación, a Programación pretende reaxustarse ao alumnado con **necesidades especiais**, con dificultades de base e que faga que o profesorado flexibilice a súa temporalidade e os recursos didácticos dos seus contidos.

O feito de que o alumnado presenta diferenzas individuais en canto as capacidades, interese e motivacións é algo non so admitido *a priori*, senón que, ten que ser calibrado na súa magnitude exacta polo que se refire ao grupo concreto de alumnado co que imos traballar na etapa.

Ademais, a atención a diversidade do alumnado reviste especial importancia na Educación Visual, debido a complexidade dalgún contidos do Programa, e debe estar presente sempre na actividade docente para lograr os mellores resultados.

Se teñen en conta aqueles contidos nos que o alumnado mostra un nivel menos homoxéneo. Tal é o caso da comprensión espacial ou nun nivel de execución moi especializado.

Na Programación ten que recoñecerse tamén que no todo o alumnado acada ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, debe estar deseñada de modo que asegure un nivel mínimo para todo alumnado ao final da etapa, dando oportunidades para recuperar o non adquirido no seu momento. Este é o obxectivo que suxire, por exemplo, retomar constantemente os contidos fundamentais da materia.

Todo isto leva á programación cíclica que da a oportunidade de volver a retomar os conceptos básicos para garantir en todo o momento a súa comprensión por parte do alumnado.

Por outro lado, a presenza dos tres bloques de contidos referidos no 1º da ESO permite que cada alumno/a poda afondar naquel campo no que ten maiores aptitudes ou reforzar os aspectos que non domina no nivel esixido.

A atención á diversidade está contemplada tamén na metodoloxía e nas estratexias didácticas concretas que vanse explicar na aula. Estas estratexias afectan fundamentalmente ao ensino dos conceptos e ós diferentes niveis de dificultade na proposta das actividades:

- En canto ao ensino dos contidos, realízase a partir das imaxes concretas e a través das experiencias sinxelas que se poden ter na aula. Permite, polo tanto, respectar as diferenzas individuais por medio da elección do proceso didáctico que mellor se acomode a cada alumno/a.
- En canto ás formas de expresión, realizadas a través das propostas das actividades, ábrese toda unha gama de posibilidades onde se estimula especialmente a imaxinación, a creatividade e o gozo estético. Deste xeito procúrase que cada alumno/a utilice as canles expresivas que lle resulten máis naturais.
- En xeral, pódese dicir, que as formas didácticas teñen en conta o punto de partida de cada alumno/a, as súas dificultades específicas e as súas necesidades de comunicación.

Se as circunstancias epidemiolóxicas nos levan a un ensino mixto ou a distancia daremos continuidade coa Aula Virtual onde actualmente consultamos tarefas e recursos para que se poida dar continuidade á materia mantendo como xa se fixo no confinamento un contacto fluído co alumnado

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

CUESTIÓNS XERAIS: O ESPAZO.

Contamos cunha Aula de Debuxo dotada de mesas grandes para Debuxo técnico e cabaletes para Debuxo artístico en número suficiente para tódolos alumnos.

Temos dúas pilas para traballar as técnicas húmidas e espazos de almacenaxe nos armarios.

Contamos ademais cun ordenador para o profesorado e un proxector e unha pequena Biblioteca de aula, formada por libros dos fondos da Biblioteca do Centro e libros propiedade da profesora.

Hai varias paredes con corcho para expoñer os traballos dos alumnos, e unha variada colección de modelos de escaiola, de pé e mesmo colgados polas paredes. Temos outro tipo de modelos tamén como recipientes, botellas e pezas de vaixelas.

OUTROS RECURSOS

- Varios exemplares de escuadro, cartabón, regra e compás. Aínda que o alumnado de Debuxo técnico ten que traer de maneira regular o seu material para a sesión lectiva. Tamén regras de Debuxo adaptadas ao encerado.

- Materiais: pigmentos y marcadores.

• Lapis de grafito • Barras de grafito • Po de grafito • Carboncillos • Barra ou lapis composto • Barras sanguina • Barras pastel • Lapis de cores • Rotuladores de fibra • Rotuladores de feltro • Rotuladores pincel de auga • Rotuladores punta fina.

- Soportes:

• Papel tipo kraft • Papel debuxo. Caderno de Aula tamaño DIN A3 • Cartolina • Cartón gris encadernación • Cartón ondulado • Papel especial técnicas húmidas: acuarela, e témperas ou óleo. • Cartolina especial

Outros instrumentos básicos • Gomas de borrar, cúter, bisturí, rascador, difuminos, vasos, pinceis, rodetes.

Outros materiais • Cartolinas de cor, tramas adhesivas, papel celofán de cor.

Procedementos • Tintas. • Témperas. • Gouaches. • Técnicas mixtas.

-Bibliografía:

Se aportará un listado dos libros da Biblioteca do Centro a disposición do alumnado, con indicación expresa aos contidos das unidades temáticas desta materia. En Debuxo artístico o alumnado aportará material gráfico propio e un Caderno de Aula tamaño A3, con número de follas suficiente para tódolos traballos do curso mesmo os erróneos e os desbotados (80 follas aproximadamente). A profesora aportará fichas, material de reforzo, material gráfico e proxeccións (vídeos, presentacións, animacións...) asociados á unidade. Recursos dixitais segundo se proceda.

Non haberá libro de texto de texto no curso 2022-2023.

Difundirase material en función dos contidos da programación co uso de fotocopias e o alumnado fará uso da Aula Virtual, como soporte complementario. No que se refire ao material e ós recursos non existen grandes diferenzas con respecto a 3º. En 4º, en todo caso, propíciase o uso de materiais de instrumentalizacións ou aplicacións máis complexas, tanto para a observación como para expresarse por parte do/a alumno/a.

Difundirase a serie de materiais básicos que axudan ao desenvolvemento dos contidos da área, excluindo aqueles de uso corrente que non aportan ningunha novidade e xa coñécense e utilízanse normalmente.

Os materiais estrutúranse en función de dúas grandes liñas: *Materiais para aprender a mirar* e *materiais para aprender a expresarse*.

Materiais para aprender a mirar: Son materiais destinados o desenvolvemento das actividades da observación, a través da percepción e a análise de aspectos plásticos e visuais da realidade.

- Obxectos de uso cotián: é convida ofrecer o alumnado a observación directa dos obxectos que compoñen o noso mundo da vida diaria, a evolución do Deseño,... co fin de analizar as súas calidades formais, funcionais e estéticas. Propíciase o uso de soportes didácticos como material audiovisual, material impreso: revistas,

periódicos, catálogos, etc.

- Formas xeométricas e pezas industriais. Reproducións gráficas e volumes de pezas industriais.
- Imaxes da publicidade, da televisión, do Deseño gráfico e industrial, da Historia da Arte, do cómic, do vídeo e do cine.

Materiais para aprender a expresarse: Tódalas modalidades do trazado (liña e mancha), tanto no caso da cor como de branco e negro. Principalmente farán uso de materiais que dispoñan na casa e, se requiren adquirilos novos que sexa baixo o asesoramento do/a profesor/a: grafitos, cores pigmentos, tintas, ceras, témperas, rotuladores, pinturas de madeira, imaxes fotográficas de revistas que eles dispoñan na súa casa para que sexan tratadas por eles/as, etc.

Os materiais habituais de Debuxo técnico: escuadra, cartabón, regra de 30 cm., rotuladores de punta fina negra e doutros grosos, compás, adaptador, grafitos (brando HB e duro 2H), modelos de curvas ...

Da cordo co DOG Núm. 4 publicado o 5 de xaneiro do 2023, e conforme á Orde do 27 de decembro de 2022 que modifica á do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar e establece o calendario das sesións de avaliación final das distintas etapas educativas, incorporamos a seguinte Addenda referida ao apartado 8 sobre a Avaliación na Programación didáctica de 4º da ESO e que terá en conta que o alumnado disporá das tres avaliacións e da Avaliación final. A 3ª Avaliación coincidirá coa final e serán a partir do 22 de xuño. As tarefas de recuperación estarán realizadas antes desta data.

8. AVALIACIÓN.

As tres avaliacións que se desenvolverán ao longo do curso agruparán de maneira preferente as unidades didácticas que se indican en bloques de tres principalmente, aínda que non sempre pode quedar así axustado porque depende das características e natureza do grupo.

A 1ª Avaliación tivo lugar a os días 29 e 30 do mes de novembro de 2022, a 2ª Avaliación entre as datas 14-16 de marz e a partir do 22 de xuño de 2023 a 3ª e a Avaliación final,

coincidindo estas dúas últimas.

Non teremos proba global, a non ser que o alumnado non entregara as láminas durante o curso. Aínda así, cómpre recordar, que dito alumnado xa contou con mecanismos de recuperación durante o desenvolvemento do curso académico, antes ou ben ao remate de cada avaliación.

As avaliacións aprobaranse una vez estean satisfeitos os mínimos establecidos. De non ser así, propiciaremos mecanismos para que o alumnado satisfaga eses mínimos que van ser indicados de maneira particular en cada caso tendo en conta as particularidades que se manifesten.

A Avaliación final considerará a media das tres avaliacións tidas en conta ao longo do curso.

8.1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación do alumnado realizarase en base aos seguintes aspectos: traballo na aula e traballo na casa. O formato deste é lámina. O conxunto será recollido nunha carpeta que incluíra as láminas correspondentes a cada avaliación, que se compararán coas anteriores. Poderán realizarse exercicios colectivos en formato proba colectivas ou individual, nos casos que a profesora o estime necesario.

A profesora realizará unha observación sistemática dos traballos efectuados polo alumnado durante a sesión lectiva e dito seguimento levarase a cabo mediante anotacións no transcurso das clases no caderno de control. Tamén avaliarase a participación dos diversos grupos de traballo, as intervencións voluntarias, a recollida puntual das actividades realizadas, a aportación do material nas clases e as probas colectivas ou individuais que a profesora estime necesarios por necesidades específicas para o desenvolvemento da materia.

Se realiza unha copia nun exercicio tipo exame, dito exercicio quedará inmediatamente anulado ou o equivalente a nota de 0, tendo que repetilo de novo. Da mesma maneira, ante a mínima sospeita de copia do traballo/lámina ou quede cuestionada a súa autoría, o/a alumno/a terá que repetir un exercicio semellante e individualmente nunha sesión de clase. A puntualidade na achega das láminas avaliarase sobre 10, a non puntualidade quedará definida nunha nota máxima de 8, a non ser que o alumnado acreditara unha razón xustificada para dito retraso da achega.

A Avaliación final será produto da cualificación do traballo persoal onde o alumnado amosa se ten os recursos necesarios, a consecución (ou non) duns contidos mínimos e a actitude que acadada de cara a materia. De novo, apuntamos os aspectos que contemplamos anteriormente: Hábito de traballo e esforzo, capacidade de comprensión e razoamento lóxico e actitude cívica.

Temos que ter en conta que a necesidade de recuperación debe garantir a consecución dos obxectivos mínimos do 4º da ESO cun traballo do/a alumno/a avaliable e obxectivo polo que se esixe un seguimento constante do/a alumno/a e a obriga da presentación de todas as láminas reclamadas.

Farase recuperación das probas que contemplan os contidos e procedementos mínimos que se lle esixe no ciclo e a consecución dos mesmos. Ditas probas serán revisadas de xeito individualizado polas necesidades especiais de cada alumno/a e na que influirá a actitude que o/a alumno/a amose cara á materia así como o seu comportamento na aula co profesor e o resto dos/as compañeiros/as .

Non temos, neste curso académico, ningún caso de pendentos nesta materia de 4º.

8.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN		
<p>1.-<u>Láminas presentadas</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Se despois de aplicar os pasos necesarios, os resultados son <u>formal</u> e esteticamente correctos. - Calidade (pulcritude) dos traballos presentados, cumprindo todas as <u>normas</u> dadas na aula. - Satisfacción dos conceptos aprendidos, (non só se se compren os prazos e se presentan con pulcritude, tamén que estean correctos e se aprecia que o alumnado entende o que fixo). - Cada lámina terá a súa nota. A nota da Unidade didáctica será a media das notas acadadas nas láminas que lle corresponden. A media da avaliación será a media das unidades didácticas que lle correspondan a dita avaliación. 	<p><u>80%</u></p> <p><u>40% se se contempla o apartado seguinte no remate de curso (2)</u></p>
<p>2.-<u>Exame dos contidos impartidos na aula</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Requírese facer exame</u>, so a fin de curso, se non existe unha entrega satisfactoria das láminas das tres avaliacións porque non se presentan na súa totalidade, non foron realizadas durante transcurso das clases ou os mínimos non foron satisfeitos. Se se acada un nivel de satisfacción dos mínimos nas láminas, como se di no apartado anterior, non se farán necesarios. 	<p><u>40% da nota (opcional)</u></p>

3.-Anotacións do/a profesor/a	- Constan no diario de clase, onde se atopa o traballo executado na sesión lectiva, presenza dos materiais necesarios para a consecución dos contidos, proveito das clases e puntualidade de entrega.	<u>20% da nota</u>

Puntualizacións:

Para cada avaliación requírese obrigatoriamente a entrega da TOTALIDADE das láminas realizadas nela. Esta nota formará parte dun dos grupos de cualificación.

A nota final é media do resultado de avaliar, segundo as porcentaxes descritas anteriormente, os seguintes apartados:

Os traballos , que son as láminas onde se teñen en conta os *contidos e os procedementos.*, **os exames** , se os hai, e, por último, **a actitude**, valorada das anotacións na aula. Esta será a nota que estará reflectida no boletín.

A RECUPERACIÓN.

O alumnado de 4º da ESO (como tamén quedou reflectido para o caso de 3º da ESO), que requira facer os traballos de recuperación da materia de Educación Visual y Plástica ten que retomar e corrixir os erros das láminas feitas no transcurso da avaliación correspondente ou ben repétela integramente porque lle quedaran pendentes por criterio do/a profesor/a.

O mecanismo fundamental da recuperación é que o alumnado corrixira os erros indicados. A recuperación das láminas pódese realizar dende a comunicación da nota suspensa, e constará a modificación dende ese momento. Poderase realizar antes destas datas e quedar xa considerado nesa convocatoria de avaliación, ou tela en conta despois da avaliación. De quedar para o final terán que ser satisfeitas antes do 22 de xuño.

O obxectivo que se establece a nivel global a través deste sistema de recuperación é que o/a alumno/a de 4º incremente o nivel das láminas que no seu día presentara e polo que non aprobara o global das súas notas de conceptos, procedementos e actitude respecto a materia (realizar o que quedara sen facer, rematalas, aportar datos que enriquezan dalgunha forma a

súa presentación anterior, da que xa consta unha valoración do profesor, etc.) coa finalidade de observar esa superación que antes non manifestou. Neste apartado a profesora resérvase o dereito de facer proba escrita dos contidos que determine.

9.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

VALORACIÓN DOS INDICADORES DE LOGRO PARA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Inspirados nas teorías de aprendizaxe por niveis de Gregory Bateson, plantexamos unha escala de valoración para os indicadores de logro, observable e realista, aplicable aos distintos estándares de aprendizaxe e con fácil translación as valoracións numéricas que a normativa LOMCE prevé para as cualificacións de avaliacións parciais e final. Concrétase a escala nos seguintes 6 niveis:

1. Non se alcanza o estándar de aprendizaxe nin no máis mínimo grao. Moi deficiente. MD (0-2)
2. Non se alcanza o estándar de aprendizaxe. Explicacións vagas e desorganizadas ou falta de explicacións sobre o aprendido. Deficiente. D (3-4).
3. Alcanza o estándar de aprendizaxe pero de forma insegura ou sen continuidade no tempo. Explica literalmente o aprendido e faino repetidamente. Suficiente. S (5).
4. Alcanza o estándar de aprendizaxe con seguridade e de forma continuada no tempo, pero sen relacionalo aínda con outros conceptos ou con outras accións xa coñecidas. É capaz de explicar as aprendizaxes realizadas con vocabulario propio. Ben. B (6).
5. Alcanza o estándar de aprendizaxe relacionándoo con outras aprendizaxes. Explica o aprendido de forma propia e creativa ou suxire innovacións. Notable. N (7-8).
6. Alcanza o estándar de aprendizaxe e, ademais de explicalo co seu propio vocabulario, é capaz de aplicalo noutros contextos novos. Sobresaliente. Sb (9-10).

10.ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Neste caso non se contempla máis que un alumno de 4º con 3º da ESO pendente.

O alumno ten titorías establecidas para o seu seguimento nas horas que se van adaptando ao seu curso académico. Nesta consulta as dúbidas e vaise facendo seguimento da realización das láminas e posibles dúbidas.

Con respecto a este caso, farase entrega de láminas para satisfacer contidos dese 1º Parcial da materia de 3º, na data fixada do 13 de xaneiro, na que ademais terá unha proba escrita dos contidos sobre ditas láminas dos mínimos establecidos de 3º.

Coa 2ª parte, que terá lugar entre os días 26 e 30 de marzo, procederemos de forma semellante: encargar as láminas para a entrega no día concreto fixado para a proba, de novo escrita tamén, para superar dita parte. Se o alumno supera o 5 entre as dúas non será necesario facer a proba global final dos mínimos da materia de 3º pendente. De non ser así, volverá a facer a proba global con todos os mínimos que se establecen para 3º.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL NA ESO E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Para o curso de 4º da ESO vanse definir exames con diferentes probas base para valorar o nivel de destrezas no que se atopa o alumnado na materia ao seu comezo. Incluíranse preguntas e prácticas sobre fundamentos da linguaxe xeométrica coa finalidade de coñecer o dominio que poda ter sobre os dous ámbitos fundamentais de representación: a xeometría plana e o desenvolvemento e representación no espazo.

Das respostas obtidas valorarase o nivel de representación a nivel individual y dentro do colectivo da aula e serán referencia necesaria para o estudo da mellora e en función das súas capacidades en diante. Recordemos os criterios da avaliación que establece a necesidade de aproveitamento, mellora e superación dos resultados obtidos nesta avaliación inicial. A partir dela, desenvolveremos os aspectos de maior carencia para conseguir equilibrar nuns mínimos o nivel dende o que se vai traballar en diante.

12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Tendo en conta a experiencia acumulada nestes anos de tratamento da diversidade na ESO, e seguindo uns criterios claros, especificaremos como grupo diferenciando aqueles que atendan ós seguintes criterios de agrupamento:

a) Non acadar o nivel de coñecemento. Este grupo debería ser identificado nunha avaliación inicial adaptada e analizar as súas posibilidades de desenvolvemento.

De non tela adaptada, manifestaría un nivel 0 e non facilitaría información relevante del ou dela.

b) Non ter interese e motivación. O mantemento desa motivación inicial é tarefa do profesorado, non existe outra posibilidade.

c) Non seguir o ritmo de traballo. É a única posibilidade de dificultade de aprendizaxe, e a programación inclúe medidas de reforzo e seguimento e recuperación para estas situacións, tanto derivadas da imposibilidade de acudir a tódalas sesións de traballo na aula como no caso de non ter capacidade de rematar os traballos no tempo previsto para eles.

As estratexias didácticas que rexerán a atención da diversidade serán:

1) Algúns contidos da programación terán carácter cíclico (entendendo por cíclico que os contidos básicos estudados nos primeiros niveis serán revisados e ampliados nos cursos superiores). Moi especialmente, nesta materia, os contidos que se explican desde o primeiro día de clase van ser incluídos en tódolos exercicios e tarefas que se realicen ao longo do curso, a modo de avaliación continua, pois é indisoluble o aprendido (e ben aprendido) en determinados exercicios, da formulación que poida realizarse nos exercicios posteriores. De todas as maneiras, tanto a nivel de grupo como individual, realízase de seguido unha aclaración de dúbidas.

2) Reforzo explicativo na clase.

3) Reforzo mediante exercicios que se adecúen ó nivel do grupo e/ou alumno/a

4) Atención fora da hora lectiva ordinaria.(segundo dispoñibilidade horaria). Quede constancia que é costume da profesora quedar na aula durante o tempo dos recreos, para facilitar o remate dos traballos e a solución das incidencias e dificultades do alumnado. Para aqueles alumnos con dificultades (psíquica ou motora) se articularán as medidas pertinentes para cada caso, tendo sempre en conta o apoio dos/s especialistas do Departamento de Orientación.

As medidas tratarán na medida do posible non modificar substancialmente os contidos, é dicir que só requiren adaptacións referidas a aspectos que manteñen basicamente inalterable o currículo adoptado na materia pero que, sen estas actuacións, determinados alumnos e alumnas non progresarían. En xeral, pódese afirmar que a programación do grupo, salvo algunhas variacións, é tamén a mesma para o alumnado que reciba esas actuacións específicas. Teremos en conta nada máis aqueles aspectos da xeometría e debuxo técnico de maior dificultade, facendo referencia aos aspectos básicos e fundamentais.

MEDIDAS DE INTERVENCIÓN PARA MELLORAR A INCLUSIÓN EDUCATIVA NO 4º DA ESO.

Adoptaranse e aplicaranse as medidas de obrigado cumprimento establecidas no DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.

Ademais destas medidas o departamento establece as seguintes:

Na aula

- Maior supervisión das tarefas de aula. Proporcionamos máis explicacións, e repetimos cando sexa necesario.
- Nos aseguramos que comprende as explicación e/ou instrucións sobre as actividades.
- Potenciamos a autonomía sempre en función das necesidades do/a alumno/a.
- Evitamos que copie enunciados innecesariamente, así como o ditado de preguntas.
- Proporcionamos apuntes seguros no caso de ampliación de explicacións que xa están recollidas no libro de texto (poderase por na aula virtual).

Nos exames

- Proporcionar as instrucións enunciadas dunha a unha, asegurarnos de que entende o que se lle pide.
- Facilitamos con antelación toda a información sobre o modelo de lámina, traballo ou exame, a súa estrutura e a forma de complementalo.
- Permitimos todo o tempo que necesite, ou dividimos o exame en dúas partes.
- Corrixir os bloqueos, distraccións ou desconexións, si é o caso, ofertando a nosa axuda (TEA).
- Evitar connotacións negativas nas correccións das súas tarefas.
- Si hai dificultade de comprensión lectora, repasar os enunciados para asegurarnos de que entendeu.
- Modificar o formato do exercicio: incremento no tamaño da letra, maior entre liñas , fragmentar o texto de comprensión en parte intercalando preguntas.
- Evitamos dar os resultados da avaliación en voz alta.
- As correccións comentaranse a nivel xeral coa clase e logo a nivel persoal.
- Proporcionar as datas da presentación dos exercicios con antelación suficiente.
- Procuramos realizar unha lectura previa do que haberá que facer.
- Mantemos o mesmo nivel de esixencia que ao resto pero cambiamos o procedemento e os tempos.

- Pedimos que revise o traballo antes de entregalo.
- Destacamos en negra as palabras clave dos enunciados.

13.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

- Comprensión lectora y expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Educación cívica e constitucional
- Emprendemento.
- Educación Emocional e Creativa.

O informe da UNESCO da Comisión Internacional sobre a Educación para o século XXI recolle interesantes afirmacións.

A Educación encerra un tesouro, como afirma O Informe Delors, nome do presidente da Comisión. Dito informe sinala que a educación ten que organizarse ao redor de catro aprendizaxes fundamentais, que serán para cada persoa os estímulos no seu coñecemento ao longo da vida:

Aprender a coñecer, é dicir, adquirir os instrumentos da comprensión.

Aprender a facer, para poder influír sobre a propia contorna.

Aprender a vivir xuntos, para participar e cooperar cos demais en todas as actividades humanas.

Aprender a ser, como proceso fundamental que recolle elementos dos tres anteriores.

Esta visión da educación é consecuente coas demandas sociais e persoais. A sociedade necesita cidadáns capaces de convivir en democracia e esta necesidade tradúcese no ámbito educativo na educación para a convivencia. Así mesmo, é sabido que as persoas máis felices teñen, polo xeral, unha autoestima máis alta, maior autocontrol de conducta e emocional; dispoñen dun estilo cognitivo positivo e manteñen relacións adecuadas cos demais; saben, así mesmo, recoñecer e expresar os seus sentimentos de maneira apropiada, facendo seus valores como o respecto, a tolerancia e a honestidade. Por tanto, mellorar as relacións interpersoais entre os alumnos e as alumnas, desenvolver a tolerancia e o respecto ás diferenzas entre as persoas, actitudes democráticas e solidarias, así como formar persoas críticas e

autónomas, son obxectivos educativos de primeira orde.

Ao considerar o desenvolvemento integral da persoa como unha finalidade do sistema educativo, as emocións, os afectos e as relacións adquiren una maior relevancia. Neste contexto, o profesorado interésase cada vez máis nos aspectos emocionais e afectivos das relacións interpersoais dos estudantes, considera a necesidade de educar estes aspectos para o desenvolvemento armónico do alumnado e asume como tarefa propia a de ensinar a ser e a convivir ademais da de ensinar a coñecer.

As actividades que se desenvolven na aula son o principal vehículo para a relación entre o profesorado e o alumnado, e é alí onde se pon en xogo a carga emocional e afectiva. A educación emocional comporta a aprendizaxe e a práctica na aula de estratexias cognitivas, modelos de comportamento, valores, habilidades sociais e técnicas de autocontrol, que permitan aos alumnos e alumnas saber vivir satisfactoriamente consigo mesmo e cos demais.

Ter presentes os aspectos afectivos e emocionais que se mobilizan no alumnado, como consecuencia das interaccións que se dan na aula e en todo o ámbito educativo permite establecer as bases para unha mellor convivencia no centro. Concretamente trátanse temas de imaxe persoal e autoafirmación, a violencia machista na parella, a educación para o consumo, a reciclaxe e reciclaxe de materiais de refugallo, educación para a convivencia, resolución pacífica da conflictividade, recoñecemento dos valores culturais alleos á cultura propia.

14. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PROXECTO LECTOR.

Colaborarase no Proxecto lector establecido polo noso centro coa lectura de material específico do que se dotará a Aula de Debuxo para fomentar o uso da lectura, como foi incorporado xa na competencia básica recollido na Programación didáctica correspondente e segundo as normas finalmente establecidas pola Biblioteca escolar.

O Departamento de Debuxo traballa co Proxecto Lector do Centro favorecendo a lectura do alumnado na medida do posible os últimos 20' da clase. Trátase de libros especializados dos que está dotada a Aula de Debuxo.

Non poderá ser sempre texto xa que traballamos unha materia que ten unha natureza específica e que a súa maior parte desenvólvese coa lectura, interpretación e creación de imaxes.

Como opcións ofertamos a *lectura da imaxe* e interpretación da súa sintaxe, que é formación esencial na nosa materia.

15. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN TIC.

Os recursos que se mencionan no apartado anterior posibilitan a instrumentalización dixital dándolle énfase na exposición de temas e solucións gráficas, como tamén na indagación documental.

16. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO CONVIVENCIA.

É moi común a contribución a este departamento coas numerosas aportacións do alumnado e a súa profesora con traballos de deseño gráfico. Celebramos as numerosas datas conmemorativas destacadas como “Violencia de xénero” co panel do Xardín das sempre vivas, entre outras moitas.

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Visita a exposición fotográfica de *Steven Meisel* no Peirao de transatlánticos de A Coruña e a de *Buda y Shiva, Loto y Dragón* na Fundación Barrié dos mecenas Rockefeller. Venres, 9 de decembro.

Visita ao **CIEC de Betanzos** e elaboración dunha estampa de gravado, como ven sendo todos os anos. Trátase dunha actividade práctica que achega ao noso alumnado á práctica deste ámbito na estampa. Os resultados dos traballos expoñeranse á comunidade educativa e o alumnado conservará a plancha e a estampa. 3º Trimestre.

Neste curso trataremos de manter ao alumnado receptivo ás actividades culturais vinculadas ao noso ámbito a través dos seguintes organismos: actividades organizadas polo propio Concello de Cambre e o de A Coruña; tamén naquelas organizadas polo MAC (Gas Natural), Fundación Barrié, Luís Seoane e Afundación nas súas sedes culturais.

Haberá actividades que se levarán a cabo, segundo a oportunidade, cos Departamentos de Sociais, Ciencias, Bioloxía e Xeoloxía, Educación Física e Tecnoloxía, mantendo o carácter cooperativo entre departamentos. Tratará de manterse ao alumnado actualizado nas actividades culturais vinculadas ao noso ámbito a través dos seguintes organismos: actividades organizadas polo propio Concello de Cambre e o de A Coruña; tamén naquelas organizadas polo MACUF, Fundación Barrié, A Banca nas súas sedes culturais.

As visitas levaranse a cabo aproveitando a oferta cultural das institucións públicas e privadas na cidade e na Comunidade, segundo vaian achegándose á Xefatura de Departamento ou á Vicedirección do Centro.

Outras actividades poderán levarse a cabo cos Departamentos de Sociais, Ciencias, Bioloxía e Xeoloxía, Educación Física e Tecnoloxía, mantendo o carácter de interdisciplinaridade e afinidade que puidera darse en contextos específicos. Posibilitarase a participación en diferentes concursos que se vaian achegando ó centro.

Actividades complementarias:

Concurso de fotografía 2023 “Frisos, teselas e mosaicos”: Participación do alumnado no concurso de fotografía organizado, de forma conxunta, co Departamento de Matemáticas e que fai referencia a un tema común a ambos ámbitos.

18.MECANISMOS DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA DO PASADO CURSO 2021-2022 .

Pódese definir a rúbrica como “un instrumento de avaliación baseado nunha escala cuantitativa e/ou cualitativa asociada a uns criterios preestablecidos que miden as accións do alumnado sobre os aspectos da tarefa ou actividade que serán avaliados” (Torres Gordillo e Perera Rodríguez).

Desde estes criterios xúlgase, valorase, cualifícase e conceptúase sobre un determinado aspecto do proceso e establécense niveis progresivos de dominio ou pericia relativos ao desempeño que unha persoa mostra respecto dun proceso determinado de aprendizaxe (Martínez Vermellas). Usualmente fálase de dous tipos de rúbricas:

- A rúbrica global ou holística, que fai unha valoración do conxunto da tarefa, mediante a utilización duns descritores que se corresponden a uns niveis globais, non particulares.
- A rúbrica analítica, en cambio, céntrase en tarefas de aprendizaxe máis concretas, e necesita dun deseño máis pormenorizado. Como norma xeral, as rúbricas deben avaliar tanto aspectos cuantitativos como cualitativos. Os procesos de ensino-aprendizaxe melloran cando o alumnado coñece con antelación os obxectivos de aprendizaxe e as expectativas do profesorado.

Xa que se trata de procesos interactivos xeralmente asincrónicos, o uso de rúbricas contribúe tamén a animar a interacción entre profesores e alumnos e axuda a entender os mecanismos de aprendizaxes dos alumnos.

Algunhas das características das rúbricas máis claramente beneficiosas son:

- Son fáciles de usar polo profesor e de explicar aos alumnos. (Outros procedementos ou técnicas de avaliación alternativa que se poden utilizar son os portafolios, mapas conceptuais, diarios, proxectos, método de casos, etc.)
- Deixan bastante claras as expectativas dos profesores, o que se transforma para os alumnos en seguridade sobre como alcanzar o que o profesor espera que eles saiban facer.
- Os alumnos teñen moita máis información sobre as súas fortalezas e debilidades na materia, que noutro tipo de avaliacións (retroalimentación).
- Fomentan a aprendizaxe e a autoavaliación: os alumnos avaliados por medio de rúbricas desenvolven máis capacidades que os avaliados por outras formas máis tradicionais.
- Facilitan o desenvolvemento das competencias.
- Facilitan a comprensión global dos temas e a internacionalización das capacidades.
- Axudan aos alumnos a pensar en profundidade.
- Incrementan a obxectividade do proceso avaliador: os criterios son coñecidos de antemán, non poden ser modificados arbitrariamente.
- Serven para avaliar procesos, non só resultados.
- Promoven a responsabilidade dos alumnos, que en función dos criterios expostos poden revisar os seus traballos antes de entregalos ao profesor.

- Facilitan ao profesor as explicacións aos alumnos sobre as cualificacións ante as revisións destas

OPTATIVA DE 4º no pasado curso 2021-2022.

A optativa de 4º resultou dunha gran implicación por parte do alumnado; interese máximo, gran capacidade de esforzo e traballo, grandes resultados e acadamos satisfacer unha Programación moi ampla que dará unha base considerable para Debuxo técnico ou artístico no curso actual de 1º do Bacharelato. En 4º, como tamén se fai en 1º e 3º da ESO, comezouse o curso polos temas de Debuxo técnico incluídos na Programación coa finalidade de garantir que fosen rematados para o curso seguinte e acadar así unha boa base en técnico.

Os mecanismos reguladores o que pretenden é acadar en cada curso, en función das súas características, os mellores dos resultados posibles en función das súas posibilidades, sen esquecer a necesidade de favorecer os coñecementos necesarios para os estudos e as decisións posteriores que tomen neste ámbito.